

O espazo, no interior do poboado, planifícase de antemán e aparece intensamente ocupado. As vivendas agrúpanse en pequenos conxuntos de estancias e almacéns ou talleres que comparten un espazo aberto ou patio común, pertencente a unha mesma familia.

UNHA FACTORÍA QUE APROVEITABA A AUGA

Cara ao sur, aparece unha complexa rede de canles que poderían ser da primeira fase, ou ata anteriores.

Imaxe virtual das canles nas fases I e II



O conxunto componse dunha canle inicial ancha e pouca profunda que corre en sentido da pendente do castro. A esta córtaa unha segunda canle transversal, máis estreita e profunda.

As canalizacións ocupan unha superficie importante da área escavada e dispóñense nunha zona na que, inicialmente, non había vivendas. Por elas circulaba auga que se decantaba e almacenaba en diversos puntos. Todo isto indica algún tipo de actividade manufacturera: curtido, tratamento de fibras vexetais, minerais, salgadasuras...

A VIDA DAS PERSOAS DESCÓBRESE NOS SEUS OBXECTOS

Os achados do castro revelan parte da vida no poboado, vinculannos ás persoas que os usaron e evocan o seu pasado remoto.



OPORTUNIDADES DE VISITA

HORARIO

Verán (maio – setembro)
martes a domingo

Mañá: 10:00 – 13:00
Tarde: 17:00 – 20:00

Inverno (outubro-abril)
martes a domingo

Mañá: 10:00 – 14:00
Tarde: 16:00 – 18:00

Visitas guiadas gratuítas
tfno: 986 29 50 70
horario de chamadas de luns a venres de 9:00 a 14:00

O xacemento permanecerá pechado os días 1 de xaneiro e 25 de decembro; e cando as condicións meteorolóxicas fagan **desaconsellable a visita**.

RECOMENDACIÓNS PARA A VISITA

Circule polos itinerarios marcados.

Extreme as precaucións para evitar caídas. Vixie aos nenos e nenas ao seu cargo.

Manteña limpo o xacemento. Non fume, coma ou beba no recinto.

Non está permitido o acceso de animais salvo cans guía de invidentes.

Colabore cos monitores e persoal de seguridade. Atenda as súas indicacións.

O número máximo autorizado de persoas no xacemento é de 50.

Pasarela madeira: circuito adaptado e practicable para persoas con mobilidade reducida.

Resto do circuito: con dificultades de mobilidade.

Maqueta deseñada para discapacitados visuais.



MUSEO DA CIDADE "Quiñones de León"

O Castro
de Vigo
A orixe da cidade



O CASTRO DE VIGO, A ORIXE DA CIDADE

Estes restos son só unha pequena parte do oppidum de Vigo, un gran castro que ocuparía boa parte do monte sobre o que se empraza.

Aínda que non coñecemos a súa extensión, sabemos que os restos musealizados son unha parte mínima, e seguramente secundaria, do que sería o poboado. Os datos actuais indican que foi habitado, polo menos, entre o S. III a. C. e o S. III d. C., momento no que os seus habitantes comezan a trasladarse ao Vicus, novo poboamento que está xurdindo á beira do mar.



UN POBOADO DE GRAN TAMAÑO


Quizais nos pareza un poboado corrente, pero o Castro de Vigo é un oppidum. Un asentamento de gran tamaño, con numerosos habitantes e un papel central no seu territorio.



■ Construcións na fase II
■ Construcións na fase III
■ Construcións sen determinar

Estruturas localizadas durante as escavacións, representadas nas distintas fases de ocupación.

Na área escavada identificáronse tres fases construtivas que se mostran no plano adxunto. Da primeira fase apenas conservamos restos, quizais pola superposición das construcións posteriores.



AS CONSTRUCCIÓNS ORIXINAIS HARMONIZAN COAS RÉPLICAS

Baseándonos na información proporcionada polo xacemento e por outros castros similares, reproducíronse tres edificacións que ilustran un momento inicial da ocupación romana.



Ante as réplicas, levantadas ata o tellado, os muros orixinais parecen pequenos e insignificantes. Con todo, son estes os que teñen auténtico sentido humano. Son os que construíron os seus habitantes, hai uns dous mil anos, para vivir coas súas familias. Por todo isto, e porque ofrecen información arqueolóxica, constitúen valiosos documentos do pasado que debemos coñecer e conservar.



Imaxe xeral dos restos



- Entrada
- Réplicas das construcións
- Mesas interpretativas
- Maqueta